

## **A Cámara selecciona 20 proxectos para participar nun seminario de planificación empresarial**

**Ferrol. 18/05/2009.** O departamento de creación de empresas da Cámara de Comercio de Ferrol está iniciando a selección de participantes para o seminario de planificación empresarial que, organizado en colaboración con Bic Galicia, vai desenvolver durante o mes de xuño.

Vinte emprendedores poderán contrastar a viabilidade das súas iniciativas e mellorar os seus coñecementos sobre xestión empresarial a través desta acción que, ao longo de tres semanas, combinará a formación e o asesoramento individualizado.

O seminario, que ten carácter gratuito, consta de sete sesións formativas, nas que se detallarán os elementos necesarios para elaborar e deseñar un plan de empresa, por iso é polo que está dirixido a aqueles emprendedores cunha idea de negocio xa madura, en canto á actividade, os clientes, o mercado, etc.

Como complemento á formación, celebraranse dúas sesións de tutoría personalizada para analizar e valorar cada proxecto e o seu plan económico-financeiro. Deste xeito, os participantes reciben orientación individualizada para solucionar os seus problemas concretos e asesoramento sobre as posibles axudas que poden conseguir para a súa iniciativa empresarial.

O seminario de planificación empresarial terá lugar no viveiro de empresas da Cámara (C/María, 158. Tel. 981 369035), onde os interesados deben dirixirse, antes do 26 de maio, para conseguir máis información ou realizar a inscrición correspondente.

Previamente ao comezo desta acción formativa, realizarase unha sesión de entrevistas para a avaliación dos proxectos, na que os seus promotores deberán entregar un borrador das súas propostas de negocio.

